

PROVINCIA | CELANOVA

CARBALLIÑO

Veinte años llevan los vecinos de Boborás esperando a que culminen las obras de acondicionamiento de la carretera que comunica Brués con Portela da Cruz, en Lama (Pontevedra). Hay tramos en mal estado como el de "A Tríncheira" que llevan un año parados. **PÁG. 13**

BAÑOS DE MOLGAS

Miles de peregrinos, procedentes de todo el mundo, acudieron al Santuario de Os Milagros este fin de semana, en dos de las jornadas más multitudinarias de la Novena, dedicada a la Madre de la Misericordia, que concluirá con su día grande el 8 de septiembre. **PÁG. 12**



O portugués Lourenço Fontes recibe o galardón Celanova, Casa dos Poetas

O premio, outorgado pola Fundación Curros Enríquez, recoñece traxectorias no campo da defensa da cultura galega

IVÁN HOLMOS. CELANOVA
local@larregion.net

■ A Fundación Curros Enríquez fixo entrega, no día de onte e en colaboración coa Consellería de Cultura, do premio "Celanova, Casa dos Poetas" ao historiador e etnógrafo portugués, António Lourenço Fontes, máis coñecido no ámbito da Raia Seca como o "Padre Fontes".

O galardón, que xa vai pola súa XXXII edición, recoñece traxectorias históricas no campo da defensa da cultura galega e de Galicia. Foi o pasado día 5 de agosto, cando o xurado decidiu por unanimidade recoñecer o labor de Antonio Lourenço, "pola súa contribución á divulgación e ao coñecemento da cultura trasmontana, tan identificativa dos pobos das Terras do Barroso e de todo o norte de Portugal coma destoutros espazos que se enmarcan no triángulo ferriniano que debuxan os vertices de Montalegre, Celanova e Arcos de Valdevez". O xurado está composto exclusivamente polo Patronato da Fundación Curros Enríquez, que preside o alcalde de Celanova, José Luís Ferro, e da que forman parte representantes de diversas institucións e entidades destacando, como figura máis reseñable, a do escritor de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín.

Na entrega do premio, destacou tamén o papel do Padre Fontes no ámbito do desenvolvemento rural, coa posta en marcha das hspedesías Hotel Rural Señora dos Remedios e Casa Fontes no municipio de Montalegre, así como o seu ineludible compromiso social coas xentes da súa terra "a través do seu exercicio como párroco de Vilar de Perdices e doutras freguesías do concello de Montalegre".

XORNADA DE HOMENAXES

Fontes recibiu o recoñecemento no transcurso dunha xornada que estivo presidida polo secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García xunto co presidente da fun-



O historiador e etnógrafo Padre Fontes no acto de entrega do premio que recoñece a súa traxectoria.

XESÚS FARIÑAS

DURANTE A XORNADA HOMENAXEOUSE TAMÉN AO INTELLECTUAL GALEGO CELSO EMILIO FERREIRO, NO 37 ANIVERSARIO DA SÚA MORTE

dación e rexedor celanovés, nunha cita que serviu ademais para lembrar e homenaxear ao intelectual e escritor galego, Celso Emilio Ferreiro, con motivo do 37 aniversario do seu falecemento. Os actos comezaron cunha ofrenda floral diante do monumento homenaxe a Celso Emilio, para posteriormente trasladarse á Casa dos Poetas onde se procedeu á entrega do galardón, previo alegato simbólico á figura dos tres grandes poetas de Celanova, Curros Enríquez, Castor Elices e Celso Emilio.

Valentín García loou a ampla

traxectoria do Padre Fontes, "que abrangue a investigación, pero tamén a xestión cultural ou o desenvolvemento rural", e expresou a súa satisfacción polo feito de que o premio recaese nun home que é "tan galego como portugués, pois ignora deliberadamente a existencia de calquera fronteira administrativa que queira estar por riba das continuidades culturais e humanas que unen os dous lados da Raia".

Ademais do secretario xeral, que lle entregou ao galardoado un diploma acreditativo, interviñeron no acto José Luís Ferro, rexedor de Celanova, facéndolle entrega da medalla acreditativa -obra do escultor Acisclo Manzano-; Antonio Piñeiro Feijóo, secretario da Fundación, que leu a acta; David José Varela Teixeira, vicepresidente da Cámara Municipal de Montalegre, que foi o encargado das palabras de gabanza relativas ao Padre Fon-

tes, e o propio António Lourenço Fontes, que agradeceu o galardón. No acto participou tamén o presidente da Cámara Municipal de Montalegre, Manuel Orlando Fernandes Alves.

Lourenço Fontes converteuse así no trixésimo cuarto persoeiro en recibir este histórico galardón,

co que xa se premiou, en edicións anteriores, a persoas e institucións tan relevantes como os escritores Uxío Novoneyra, Xosé Neira Vilas e Xohana Torres, os xornalistas Alfonso Sobrado e Fernández del Riego, os músicos Amancio Prada e Carlos Núñez ou o actor galego Luís Tosar.

O DIVULGADOR DA CULTURA TRASMONTANA

Editor de varias obras imprescindibles para coñecer a etnografía e a antropoloxía barrosa -entre as que se atopan "Etnografía Trasmontana" ou "Antropoloxía de Medicina Popular"-, o Padre Fontes foi tamén o fundador en 1971 do xornal mensual "Noticias do Barroso", que aínda se mantén activo na rede. Animador dun sen fin de iniciativas, coma

os Congresos Internacionais de Medicina Popular, da súa man nacéron as "Noites das Bruxas", que hoxe viñeron dar na multitudinaria celebración da "Sexta feira-trece" que, cada noite que coincide en venres 13, convoca milleiros de visitantes ao carón da fortaleza de Montalegre. Fontes é, sen dúbida, o máis grande divulgador da cultura trasmontana.